

# Os contos da avoa

2º ESOA. Autor: Naiara Fernández Comesaña

Accésit

1º Ciclo de E.S.O.

VIII CERTÁMEN LITERARIO "LETRAS DE BABEL"

**2º ESOA. Autor: Naiara Fernández Comesaña.**

## **“Os contos da avoa”**

O sábado pasado, cando fun cear a casa da avoa, a muller estaba ao carón da lareira observando un vello álbum de fotografías de cando era pequena. Sentei ao seu lado. Contemplaba unha foto da súa comunión. Estaba guapísima.

Contoume que a cerimonia se celebrara nunha igrexa de Viveiro e que a fixera á par de dous dos seus irmáns. Tamén me dixo que ese fora o día que máis agasallos lle fixeran en toda a súa infancia, entre eles, unha boneca de trapo, que ela consideraba un tesouro, e o famoso libro de Cervantes que durante moito tempo foi o seu favorito.

Na seguinte foto aparecía con todos os seus irmáns e os seus pais tumbados na herba, arredor dunha ovella. Debaixo podía ler o seguinte pé de foto: “Feira das Maulas, 1963”. Contoume que na Feira das Maulas vendíanse animais que tiñan algún defecto físico e que, por esa razón, se conseguían moito máis baratos. Compraran unha ovella, que estaba coxa, e tocoulle á miña avoa coidala.

Na seguinte foto aparecían uns rapaces sentados nun campo de millo e detrás observábase unha fábrica de conservas. As indicacións que me deu sobre esta foto foron que a imaxe se quitara un mes despois de mudarse de aquí, de Vigo, cara a Viveiro, porque seu pai traballaba nesa conserveira e acababan de trasladalo á factoría de Lugo.

Cando me dispuña a pasar á seguinte folla, apareceron meus pais esfameados e tivemos que ir cear, pero algún día terminarei de ver o álbum coa avoa para que me conte todas as súas interesantes anécdotas.